



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

## Nuria Lobato del Río, Secretaria Xeral do Ilmo. Concello de Bueu (Pontevedra)

### Certifico:

Que a **Xunta de Goberno Local** deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día **17 de outubro de 2014**, adoptou, entre outros, o acordo que, transcrito de xeito literal, quedou como segue:

#### C) CONTRATACIÓN

##### 3. ADXUDICACIÓN DEFINITIVA ALLEAMENTO DIVERSOS VEHÍCULOS MUNICIPAIS

Rf. C/B60-14

Mediante providencia da Alcaldía de 10.06.14 incoouse o procedemento de contratación da compravenda por poxa pública á alza e como chatarra dos vehículos de propiedade municipal, non aptos para a circulación, almacenados en diversos depósitos, logo da terminación do procedemento incoado por providencia da alcaldía de 14.04.14 por quedar deserto este procedemento.

O presente prego ten por obxecto fixar o procedemento e condicións para a venda polo Concello de Bueu mediante compravenda por poxa pública á alza e como chatarra dos vehículos de propiedade municipal, non aptos para a circulación, almacenados en diversos depósitos e nas condicións legais para a libre disposición a tal fin, no xeito detaiado no anexo I do mesmo.

A venda farase en concepto de corpo certo como chatarra, tal e como se atopen os vehículos a data de venda, polo que non caberá reclamación porque nalgún destes vehículos falten pezas, existan elementos deteriorados, non poidan circular ou non esten en correcto estado de uso ou conservación, dado que están obsoletos ou deteriorados polo uso.

O expediente de contratación, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas foron aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 20.06.14 e foron informados favorablemente pola Secretaria xeral do Concello o e fiscalizados de conformidade pola Intervención municipal.

Rematado o prazo de presentación de proposicións e, revisados os asentos do rexistro xeral dende o 12.08.14 e 06.09.14, ambos inclusive, concorren as seguintes empresas según queda acreditado no informe da empregada municipal encargada do rexistro xeral do concello de data 12.09.14, relativo ás empresas que formularon proposicións para participar no procedemento aberto, que de seguido se relacionan:

Núm. e data do asento no rexistro xeral do concello	identidade	Observacións
03.09.2014 (RE 6379)	AUTOMOCIONES CATOIRA S.L. CIF B-36331205 AVENIDA DE ANDURIQUE NUM. 14 (POIO)	
29.08.14 (RE 6246)	DESGUACES MINGOS S.L. CIF B-36645836 C/ FONTIÑAS 106 - MEIXOEIRO (VIGO)	

A mesa de contratación, en sesión constitutiva celebrada o 10.09.14 unha vez cualificada a documentación contida nos sobres A polos licitadores que concorren no procedemento de contratación, advertindo a presentación da totalidade da documentación esixible ó abeiro da cláusula 7.3 dos PCAP, coa excepción de "DESGUACES MINGOS" outorgando un prazo ata as 12 horas do 12 de Setembro de 2014 para subsanar as deficiencias observadas na documentación aportada no Sobre A, segundo establece a cláusula 12 do PCAP.

A Mesa de Contratación en sesión celebrada con data 12.09.14 en relación a dito procedemento, en acto público, visto que DESGUACES MINGOS, o 12 de setembro de 2014 (RE 6638) presenta a documentación requirida pola Mesa de contratación con data 12.09.14.

Atopándose conforme a mesma.



A Mesa de Contratación reunida neste acto, resolve admitila, polo que resólvese admitir todas as ofertas presentadas, co seguinte pronunciamento expreso en acto público das empresas admitidas, sen exclusións.

Co seguinte resultado:

Núm. e data do asento no rexistro xeral do concello	Identidade
03.09.2014 (RE 6379)	AUTOMOCIONES CATOIRA S.L. CIF B-36331205 AVENIDA DE ANDURIQUE NUM. 14 (POIO)
29.08.14 (RE 6246)	DESGUACES MINGOS S.L. CIF B36645836 CALLE FONTIÑAS 106 (MEIXOEIRO-VIGO)

Procede de seguido a Mesa de Contratación a Apertura dos sobres B "Oferta económica", en acto público das empresas admitidas á licitación que conteñan as proposicións económicas (sobre B) nos termos sinalados na cláusula 10 en relación co anexos I do prego de condicións e os, correspondentes ós modelos de proposición económica e de oferta de Melloras, co seguinte resultado:

Identidade	Oferta económica
AUTOMOCIONES CATOIRA S.L. CIF B-36331205 AVENIDA DE ANDURIQUE NUM. 14 (POIO)	1.050,00 € (Ive engadido)
DESGUACES MINGOS S.L. CIF B36645836 CALLE FONTIÑAS 106 (MEIXOEIRO-VIGO)	1.650,00 € (Ive engadido)

Proposta de adjudicación (acto non público)

A Mesa, á vista das proposicións e demais circunstancias que haxan de terse en conta, valoradas as distintas proposicións presentadas polos licitadores admitidos en base ao criterio de valoración sinalado na cláusula 10 dos Pregos de condicións que dispón "O único criterio a considerar será o do prezo, entendéndose que a oferta economicamente máis ventaxosa é a que incorpore o prezo máis alto, salvo que se considere que a proposición incluíse valores anormais ou desproporcionados" e non advertindo que a proposición presentada por DESGUACES MINGOS S.L. Con CIF B36645836, incurra en valores anormais ou desproporcionados nos termos sinalados na citada cláusula 10 dos PCAP e no artigo 85 del RGLCAP, propón ao órgano de contratación a adjudicación a favor de DESGUACES MINGOS S.L. Con CIF B36645836, e domicilio social na C/ Fontiñas num. 106 (Meixoeiro-Vigo), por ser o licitador que presenta a oferta economicamente máis ventaxosa segundo o Prego de condicións, polo importe de 1.650 € (Ive engadido)

Polo que en base ó que antecede:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, en aplicación do disposto nos arts. 6, 19.1.a) y 122.1.d), 109, 138 e 157 e seguintes do TRLCSP e no exercizo das atribucións en materia de contratación contida na Disposición adicional 2ª do citado texto, e as delegadas na Xunta de goberno local por resolución de alcaldía de 14.06.11 (BOP núm. 145 de 29.07.11) no exercizo das atribucións delegadas na Xunta de Goberno local por resolución de alcaldía de 14.06.11 (BOP núm. 145 de 29.07.11) en sesión celebrada o 19.09.14 RESOLVE REQUERIR á Entidade Mercantil "DESGUACES MINGOS S.L. con CIF B36645836, e domicilio social na R/ Fontiñas num. 106 (Meixoeiro-Vigo), para que no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES, a contar dende o seguinte a aquél no que houbera recibido o requerimento, e previamente á adjudicación do contrato, presente a documentación esixida na cláusula 11 do Prego de condicións.

Téndose presentado por DESGUACES MINGOS S.L. con data 15.10.14 (RE 7404), a documentación requerida mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, e atopándose de conformidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, en aplicación do disposto nos arts. 6, 19.1.a) y 122.1.d), 109, 138 e 157 e seguintes do TRLCSP e no exercizo das atribucións en materia de contratación contida na Disposición adicional 2ª do citado texto, e as delegadas na Xunta de goberno local por resolución de alcaldía de 14.06.11 (BOP núm. 145 de 29.07.11), no exercizo das atribucións delegadas na Xunta de Goberno local por resolución de alcaldía de 14.06.11 (BOP núm. 145 de 29.07.11)

RESOLVE



1º.- Adxudicar el contrato administrativo de ALLEAMENTO MEDIANTE COMPRAVENDA POLO PROCEDEMENTO ABERTO E FORMA DE POXA PÚBLICA Á ALZA COMO CHATARRA, DE DIVERSOS VEHÍCULOS MUNICIPAIS 2014 a "DESGUACES MINGOS S.L. con CIF B36645836, e domicilio social na R/ Fontiñas num. 106 (Meixoeiro-Vigo), O adxudicatario queda obrigado ao cumprimentos das obrigas derivadas da súa proposición, no Sobre B, con data 29.08.14 (RE 6246), as procedimentais sinaladas nos Pregos de condicións e as relativas á execución do contrato nos termos previstos nos citados Prego de condicións contidos do expediente de contratación aprobado en Xunta de Goberno Local con data 20.06.14 e particularmente as seguintes:

DESGUACES MINGOS S.L. CIF B36645836 CALLE FONTIÑAS 106 (MEIXOEIRO-VIGO)	1.650,00 € (Ive engadido)
---	---------------------------

O importe do prezo que o adxudicatario aboará ao Concello será o ofertado polo adxudicatario e deberá de realizarse no prazo de 5 días hábiles a contar dende que se notifique a adxudicación do contrato. En todo caso deberá de pagarse con carácter previo á formalización do contrato, mediante transferencia bancaria ao número de conta facilitado nos servizos administrativos da Tesourería municipal, debendo xustificar a transferencia correspondente en dito prazo. (Cláusula 15 do Prego de condicións)

O pago dos tributos que no seu caso, legalmente e regulamentaria correspondan farase cando corresponda conforme a normativa vixente e que permita cumprir os prazos sinalados neste prego. En todo caso dará cumprimento ó establecido na cláusula 15 do Prego de Condicións.

2º.- Declarar expresamente, en cumprimento do art. 151.4 do TRLCSP, a relación dos candidatos admitidos e excluídos da licitación e os seus motivos de exclusión nos termos resoltos no exercizo das atribucións delegadas na Xunta de Goberno local por resolución de alcaldía de 14.06.11 (BOP núm. 145 de 29.07.11) pola Mesa de contratación no senso sinalado na parte expositiva do presente acordo: no exercizo das atribucións delegadas na Xunta de Goberno local por resolución de alcaldía de 14.06.11 (BOP núm. 145 de 29.07.11)

Identidade	Oferta económica
AUTOMOCIONES CATOIRA S.L. CIF B-36331205 AVENIDA DE ANDURIQUE NUM. 14 (POIO)	1.050,00 € (Ive engadido)
DESGUACES MINGOS S.L. CIF B36645836 CALLE FONTIÑAS 106 (MEIXOEIRO-VIGO)	1.650,00 € (Ive engadido)

3º.- Ordear a publicación do correspondente anuncio no perfil do contratante da web municipal e no taboleiro de anuncios

4º.- Notificar a presente aos licitadores que concorreron no procedemento de contratación, á empresa que resultou adxudicataria e ao departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.

E para que así conste, expido a presente, coa salvidade a que se refire o artigo 206 do R.D. 2568/1986, visada polo Sr. Alcalde, na Consistorial de Bueu, a tres de novembro de dous mil catorce.

A Secretaria,

Vº Pr.  
O Alcalde,

